

Informe do sector da dobraxe en Galicia

APRADOGA

Asociación de Profesionais da Rama Artística da Dobraxe en Galicia

A importancia da dobraxe na Comunidade Autónoma de Galicia radica en ser instrumento fundamental de normalización lingüística. Un feito: a tirada media dun libro en Galicia segundo datos de 2007 era de 1.643 exemplares, a “tirada” dunha película dobrada nese ano podía perfectamente multiplicar por cen esa cifra, e segundo fose o filme e cunha programación axeitada, podía multiplicar por 200 ou 300 a devandita cifra. Multiplíquense estas audiencias polos 365 días do ano e as cifras abundan para ilustrar a importancia inmensa e exponencial que en todos estes anos tivo a dobraxe como medio de creación e consolidación da nosa lingua e da nosa cultura.

Falamos de cultura porque é sabido, como destacou Even Zohar, que o repertorio cultural dun país constrúese á vez coa creación propia e coa importación de bens doutras culturas, e velaí o papel fundamental da dobraxe e dos traballadores da dobraxe como axentes de normalización e de creación do noso patrimonio cultural. Ese papel vén recoñecido tanto implicitamente como explicitamente por relevantes persoeiros e institucións. Cómpre salientar aquí que Rosa Vilas declarou con moito acerto en 2013 que a Televisión Galega era o medio máis potente de normalización (1). Tiña razón, coa televisión como instrumento eficaz, o galego chegou a sitios e capas sociais ás que xamais tivera acceso. Foi o medio máis natural para achegar a nosa cultura a todos. En palabras de Veiga (2008:83) *«a arte, o audiovisual anticipan así outra Galicia, outro mundo porque a lóxica da ficción esixe que todos os personaxes falen galego, mesmo aqueles que na realidade non o farían nunca. Velaí a importancia e necesidade da dobraxe»*. Os actores, tradutores, adaptadores, directores, etc. que fixemos dela a nosa profesión somos plenamente conscientes de que o noso labor é finito, ten data de caducidade e a expresión “morrer de éxito” será predicable do noso colectivo no seu sentido máis literal, pois o esgotamento do proceso normalizador faría finalmente inútil a nosa función. Nunca nos importou pois o reverso da moeda porque que a nosa é tamén unha tarefa importante. Sen embargo queremos pór de manifesto o seguinte paradoxo: tal e como analizaremos máis polo miúdo, os obxectivos de normalización recollidos na normativa legal autonómica, e

particularmente os dirixidos aos medios de comunicación, non só non se están acadando, senón que a día de hoxe están en retroceso, e sen embargo, nós, os profesionais dedicados á dobraxe en Galicia (un colectivo do que dependen uns trescentos traballadores e unha ducia de empresas) atopámonos en vías de extinción. Morremos pero non de éxito, senón fracasados. A tentar evitar este final é ao que van destinadas as seguintes páxinas nas que incluímos, desde a máis sentida humildade pero desde o máis profundo coñecemento empírico e pegado ao terreo, algunhas propostas para vostedes, únicos actores capaces de reverter esta inícuca realidade na que nos atopamos inmersos.

A normalización lingüística e o papel da televisión pública.

A Lei de Normalización Lingüística, en desenvolvemento do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de 1981, foi aprobada en 1983 por unanimidade do Parlamento de Galicia. Esta lei recolle ao longo do seu articulado mandatos esenciais de carácter programático. En concreto, no seu Título IV e con relación ao uso do galego nos medios de comunicación, o artigo 18 establece que «1. *O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma*»; e o artigo 20 que “*Serán obrigas da Xunta de Galicia: 1. Fomenta-la produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.*» A concreción práctica destes mandatos fíxose no Plan Xeral de Normalización Lingüística do ano 2004, plan elaborado por máis de 200 especialistas e aprobado igualmente pola unanimidade dos grupos do arco parlamentario o 22 de setembro de 2004 baixo o mandato do presidente Manuel Fraga. Tal Plan, con respecto aos Medios de Comunicación e Industrias Culturais, establece como obxectivos xerais (Sector 3) «1. *Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade... 2. Asegurar neste sector un galego de calidade no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade. 3. Promover que os medios públicos ofrezan una programación prestixiadora da lingua.*»

A Corporación RTVG foi fundada no 1985 facendo uso da facultade prevista no artigo 37 do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1981. A súa lei de creación do ano 1984 foi modificada pola recente Lei 9/2011 dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, texto que sinala como principios inspiradores no seu Título I a promoción e difusión da cultura e lingua galegas

(artigo 4.b), así como o fomento da produción audiovisual propia (artigo 4.c); e establece como obxecto do servizo público de comunicación audiovisual a promoción e o emprego da lingua galega (artigo 5). Esta televisión foi, por capacidade de penetración na sociedade, un dos principais axentes normalizadores da lingua galega. E así o recoñece a propia Lei de Medios na súa exposición de motivos, cando di que xunto coa radio galega «*contribuíron decisivamente á normalización da lingua galega*». Volveremos a este punto máis adiante, pero antes sería apropiado facer unha reflexión sobre a necesidade da existencia dun ente ‘autonómico’ de titularidade ‘pública’, con especial énfase nestes dous últimos cualificativos. A pesar de que apenas existen estudos que analicen o concepto de “bo goberno” dunha entidade pública (2), estamos de acordo con Olcese cando di que “hai que atender á fin da corporación suxeita a análise, de tal xeito que se a súa finalidade é simplemente económica, entón un bo goberno corporativo será aquel que consiga o máximo beneficio, pero se se estima que a empresa ten outro tipo de propósitos, como un fin social, entón a apreciación do bo goberno será diferente” (Olcese, 2005:50). Nas organizacións públicas así o esencial para un goberno eficiente é a claridade do seu cometido e o compromiso coa sociedade (Jansen e Kilpatrick, 2004:72-81; Alexander e Weiner 1998: 223-242). En efecto, seguindo a Vives (2007:363-376) os gobernos corporativos de empresas públicas enfróntanse con maiores dificultades cás privadas pois non só teñen como obxectivo a maximización de beneficios económicos, senón tamén ter en conta outros fins; fins que no caso da CRTVG veñen definidos pola prestación dun servizo público, que conforme ao parágrafo primeiro do artigo 5 da Lei de Medios 9/2011 ten como obxecto «*a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.*» Servizos de información e promoción do emprego da lingua galega son pois os piares que xustifican a existencia dunha televisión autonómica, que tal e como se dispón na exposición de motivos da citada lei contribuíu «*decisivamente á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e ao impulso da industria audiovisual do país*».

É precisamente neste contexto onde é de xustiza destacar, en palabras da Real Academia Galega, “o labor dos equipos de dobraxe en galego”. En efecto, produtores, tradutores, lingüistas, administradores, técnicos, directores e actores

son profesionais todos que souberon, non sen deixar plumas polo camiño, adaptarse aos esixentes estándares de calidade que os propios técnicos da televisión pública autonómica marcaron ao longo destes case trinta anos. Este esforzo, e a aptitude resultante, foron valoradas non só polos propios lingüistas da TVG: «*No ámbito das dobraxes os esforzos para a mellora da calidade foron superiores, malia o rexeitamento expreso de empresas de dobraxe e grupos de actores. Tal actuación posibilitou unha maior corrección oral das mensaxes.*» (Dobao, 1999: 360); senón tamén polas máis altas institucións do país ao respecto do coidado e protección da lingua: a propia **Real Academia Galega** –ver documento oficial de decembro de 2010 que se adxunta– «*considera que o estándar de uso público da lingua galega establécese mediante o concurso de diversos axentes que contribúen ao seu prestixio e valoración social. Neste sentido, o labor dos equipos de dobraxe en galego é fundamental para a consolidación dun estándar correcto. Entendemos que o actual nivel alcanzado polos nosos dobradores é altamente satisfactorio e está a operar sobre os receptores coma un modelo de referencia positivo.*» Este recoñecemento, como non podía ser doutro xeito, énchenos de orgullo case en tanta medida como nos decepciona observar o pouco aprecio que da nosa tarefa fan os órganos de goberno da Televisión de Galicia, ente ao abeiro do cal apareceu este sector, que foi creado e sustentado para dotalo de contidos.

A situación na actualidade ou necesidade de seguir dobrando.

Segundo constata a páxina web da Real Academia Galega ao avaliar os datos de uso do galego recollidos no “Mapa Sociolingüístico” elaborado en 2004, as «*últimas estatísticas indican que o uso do galego descendeu moito entre a xente nova e urbana –debido á perda de transmisión familiar e á insuficiencia de medidas normalizadoras–*». Di ademais que «*o galego ten un serio problema porque aínda non deu contido a perda de falantes ocasionada por históricas políticas de desprestixio e prexuízos sociais. As iniciativas normalizadoras non lograron a erradicación deses prexuízos e dos medos aos usos públicos da lingua.*» Polo tanto, as razóns que xustifican a nosa actividade profesional están máis vivas ca nunca, e sen embargo o orzamento que a Televisión de Galicia dedica á produción allea (á tradución audiovisual de produtos alleos) mingua ano tras ano. Non nos queremos retrotraer aos anos 90, cando en Galicia máis dunha ducia de estudos de dobraxe e un colectivo de traballadores novo que se incrementaba ano tras ano grazas a cursos de formación, que en moitos casos

promovía o INEM en colaboración con estas empresas. Pero si que queremos analizar os datos da última década, que se poden ver na seguinte táboa:

Anos	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2012-2014
Orzamento	5	7.1	4.2	4.7	4.6	4.2	3.8	3.4
Provedores	5	5	5	5	5	5	5	7

Orzamento en millóns de €. Non foi posible obter o dato do orzamentado para dobraxe do ano 2011, orzamento que ademais foi prorrogado ata a entrada en vigor do concurso público de servizos de dobraxe, en maio de 2012, concurso que ampliou tamén o número de provedores.

Durante esta década o colectivo de traballadores continuou a incrementarse, aínda que máis lentamente, coa intención satisfacer a reclamación constante da TVG de “voces novas”. Hoxe a situación do sector é xa de desmantelamento. Se comparamos os datos da táboa coa diminución orzamentaria que sufriu a propia Televisión de Galicia, que nos últimos catro exercicios é exactamente dun 18,8% (pasando dos 121,5 millóns de euros do ano 2011 aos 99,4 previstos para o ano 2014) vemos que no que se refire ás dobraxes e subtitulacións, a diminución é sensiblemente maior. Máxime se temos en conta un último dato: dende a entrada en vigor do concurso de adxudicación para a contratación do servizo de produción de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para a TVG en ningún dos exercicios se chegaron a gastar as cantidades orzamentadas. En efecto, a pesar de que no terceiro punto do prego de condicións do citado concurso se prevía un gasto de 3.400.000 € anuais, no ano 2011 o gasto roldou os 2.700.000 € para chegar a caer, segundo os datos que as empresas proveedoras nos facilitan ata os 1.500.000 €, unha redución sobre o orzamentado dun 45,45%. Isto condúcenos ineludiblemente a que as empresas proveedoras botan meses sen ter, practicamente, actividade. Hainas que despediron traballadores, que acudiron a expedientes de regulación de emprego, outras acumulan meses de atraso nas nóminas dos seus traballadores –tanto fixos como temporais– e outras están xa en mans de fondos de investimento estranxeiros. O sector adoce dunha dependencia absoluta da TVG, dependencia que a propia TVG propiciou, e os volumes de contratación actuais deixan as empresas ao límite da viabilidade. As empresas do sector argumentan que as marxes dos produtos son exiguas e que as ofertas que fixeron para acadar o estatus de provedor non se poden manter con este tipo e volume de traballo. E o problema empresarial repercute, obviamente, no traballador. O colectivo de traballadores do noso sector que na parte artística se rexe por contratacións diarias vive a dureza máis extrema da precariedade. Esgótanse as prestacións por desemprego e os subsidios e o futuro é incerto.

Esta situación resulta aínda máis clarificadora se a comparamos co esforzo que levan a cabo as televisións públicas doutros territorios con idioma propio. As posibles razóns de tal mingua como vimos, non radica nunha mellora dos *ratios* de normalización, pero tampouco na calidade idiomática doutros ámbitos da produción audiovisual do ente autonómico como a tan impulsada produción propia, de tal xeito que a dobraxe hoxe segue a ser por competencia dos profesionais que a integran, a pértiga máis efectiva na que asentar o proceso normalizador desde o ente autonómico sen que a súa función poida suplirse con concursos, programas de temática fixa ou programas de humor (en referencia a estes últimos e en palabras de X. Antón L. Dobao: «*O modelo, diferente, de presunto “acento galego”, relacionase coas situacións intranscendentes, humorísticas, pouco ou nada serias, sen acceso ó universal, con restricción no local, no rexional, no folclore. Non vén dunha voz institucional, senón da voz dun individuo, dun arquetipo ridiculizado*» (Dobao, 1999:360). Por que se necesita pois seguir dobrando? Pois porque a lóxica da ficción fai que se venzan as resistencias diglósicas do idioma. O propio Plan de Normalización Lingüística, ao falar do diagnóstico da saúde lingua galega, recolle como puntos fortes «*a propia existencia da Televisión de Galicia... que permitiron ver e oír a lingua en funcións novas e prestixiadas e desmontaron boa parte dos complexos diglósicos, grazas ao poder do medio*», pero resalta coma puntos débiles que a «*CRTVG non deu chegado aínda á audiencia xuvenil e urbana*», e que «*non deu acadado aínda a imaxe de galego modélico pola excesiva proporción de neofalantes e con graves deficiencias*», todo o cal «*tacha de ficción insincera e oportunista todo o proceso normalizador.*» (34: Plan Xeral de Normalización Lingüística).

Pouco máis queda por dicir. A necesidade de normalización está aí exposta negro sobre branco polas máis altas autoridades na materia, o instrumento catalizador tamén, e o capital humano especializado –polo de agora–, tamén. Tan só queda que se tomen as decisións de estratexia política axeitadas para lograr obter aquilo que a vontade política deste país cristalizou de forma unánime e en sede parlamentaria a finais do século pasado, acabada de estrear a Autonomía: a arela dunha normalización neste país do galego, o signo identitario máis importante do que dispón o noso pobo.

Proposta de medidas.

Co maior interese de colaboración poñemos en coñecemento de vostedes, algunhas das medidas concretas que desde esta asociación consideramos que irían

na boa dirección. O esforzo económico que supoñen é mínimo en comparación cos beneficios que se recollerían. Entendemos que as medidas públicas de actuación deberían de canalizarse a través dunha dobre vía, en función do órgano impulsor das mesmas:

• Desde a Corporación da RTVG. Son sen dúbida para o sector, as máis urxentes e necesarias:

1. Deter a diminución de recorte de horas destinadas a dobrar produtos audiovisuais e, de ser posible aumentalas. Xa no Prego de condicións administrativas para a contratación do servizo de produción de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para TVG, S.A. que entrou en vigor en 2012, estableceuse un recorte considerable en horas dobradas. Pero é que en ningún dos exercicios nos que o concurso ata o de agora estivo en vigor se acadou nin de lonxe a previsión que establecía o propio prego de condicións. No primeiro exercicio o recorte andou polo 30% e no último a duras penas se chegou ao 50% das cantidades previstas.

2. Mantemento do esforzo (este si se aprecia) na programación infantil e potenciación de igual xeito na faixa xuvenil. A Real Academia constata, tal como se apuntou, que segundo as últimas estatísticas o uso do galego descendeu moito entre a xente nova e urbana, polo que cómpre fomentar a dobraxe de produtos audiovisuais atractivos e destinados á mocidade, produtos que ou ben desapareceron da grella de programación da TVG ou están relegados a franxas horarias practicamente de recheo, e que son moi pouco atractivos para os rapaces. Tampouco axuda o feito de que as poucas emisións que destes produtos se programan fanse sen promoción ningunha, por parte dos responsables do ente.

3. Cambios no proceso de adxudicación de servizos de dobraxe. Por unha banda, cómpre un aumento do peso do criterio de calidade e particularmente da calidade lingüística na adxudicación de produtos dobrados. Se temos en conta o xa apuntado tocante ao obxecto da prestación de servizo público que establece o artigo 5.1 da Lei 9/2011, dos Medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e á disposición que establece o artigo 150.1 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público de 2011 que prevé que «*Para la valoración de las proposiciones y la determinación de la oferta económica más ventajosa deberá a criterios directamente vinculados al objeto del contrato, tales como la calidad, el precio,...*»; non se entende moi ben que no vixente prego de condicións de adxudicación o peso do criterio calidade sexa só de 30 puntos sobre 100, e que se lle outorgue á calidade lingüística tan só 15 deses escasos 30 puntos. Como contraste só cabe dicir que a calidade no prego de condicións do concurso feito

para a televisión autonómica catalá do ano 2010 ten unha valoración de 50 puntos sobre 100. Por outra, existe unha diferenza entre as porcentaxes dos principais provedores de servizos no prego de condicións do último concurso de adxudicación de servizos de dobraxe que consolidan posicións de forza no mercado, consolidan a creba dunha adxudicación proporcionada e debilitan o principio de competencia. Se volvemos comparar o prego de condicións da TVG co de TV3, observamos que a diferenza entre o primeiro e subseguintes provedores no caso catalán non pasa de 2 puntos, entanto que no concurso galego chega ata os 14-15 puntos.

4. Evitar a reposición de produtos cuxa dobraxe sexa pretérita á última normativa en vigor. Somos conscientes que en momentos de crise unha solución da que os xestores da TVG adoitan botar man son as reposicións pois é máis barato recomprar dereitos de emisión que dobrar novos produtos. Entendémolo, pero esta práctica ten que ter límites. Se xa é bastante discutible desde o punto de vista de construción dun estándar lingüístico que se poidan emitir produtos dobrados hai moitos anos, o que devén inaceptable é a emisión de produtos cuxo estándar lingüístico estea xa fóra da norma.

5. Se ben non ten o carácter de urxencia das medidas precedentes, rogaríamos que en cumprimento do principio de transparencia, a TVG publique os datos de gasto efectivo en dobraxe e subtítulos a anos vencidos e non só os orzamentados, tal e como fan outras entidades similares de ámbito autonómico –TV3 por exemplo, publica tanto unha memoria de actividades onde se recollen, coma as contas con carácter anual–; pois é esgotador, cando non imposible moitas veces, facerse con eles. Tanto é así que nin as propias empresas proveedoras de tales servizos din ter tales datos.

• A través das políticas da Xunta de Galicia. Establece o artigo 3 da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, tamén aprobada por unanimidade, que *«Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través do seu Goberno e da consellería que teña atribuídas as funcións na materia obxecto desta lei, o fomento de tódalas actividades relacionadas coa creación, produción, investigación e conservación de obras audiovisuais galegas, así como a regulación da súa difusión dentro das normas básicas do Estado.»* Fundamentado neste precepto e no artigo 20 da Lei de Normalización Lingüística, xa citado, e sen ser nada orixinais, pois son medidas sacadas do Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004, propoñemos:

1. Promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais. Medida 3.2.1 referida á Área 2: Industrias Culturais (133: Plan Xeral de Normalización Lingüística).
2. A sinatura de convenios coas principais distribuidoras para que inclúan a versión en galego nos filmes en soporte de DVD. Medida 3.2.7 referida á Área 2: Industrias Culturais (134: Plan Xeral de Normalización Lingüística).

APRADOGA

Notas

(1) Rosa Vilas en declaracións a El Correo Gallego: «*Somos el medio más potente de normalización lingüística.*» (25/03/2013)

(2) Se cadra un dos máis clarividentes é o titulado “*El papel del gobierno corporativo en la buena gestión de las empresas públicas de televisión: El caso RTVE*” (2011), elaborado por Teresa Ojer, profesora de Estructura de la Comunicación y Dirección y Gestión de la Empresa Audiovisual na Facultade de Comunicación da Universidade San Jorge (Zaragoza).

Obra citada

Alexander, J.A.; Weimer, B.J. (1998). “The Adoption of the Corporate Governance Model by Nonprofit Organizations”. *Nonprofit Management & Leadership*. Vol.8, núm. 3, pág. 223-242.

Dobao, X. Antón L. (1999). “*Cinguidos por unha Arela Común. Homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero*”. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Jansen, P.J.; Kilpatrick, A.R. (2004). “The Dynamic Nonprofit Board”. *The McKinsey Quarterly*. Núm 2, pág 72-81

Olcese, A. (2005). “*Teoría y práctica del buen gobierno corporativo*”. Madrid: Marcial Pons.

Veiga, R. “*A lingua da ficción audiovisual*” en *Lingua e comunicación*. IV xornadas sobre lingua e usos. A Coruña: Universidade da Coruña.

Vives, X. (2007). “El buen gobierno de las empresas públicas”. *Círculo de empresarios. Libro Marrón de la Administración Pública que España necesita*. Madrid: Círculo de Empresarios, pág 363-376.

Normativa

Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, del Estatuto de Autonomía de Galicia (BOE núm. 101, 28 de abril de 1981).

Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización Lingüística (DOG núm. 84, 14 de xullo de 1983)

Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia (DOG núm. 174, 8 de setembro de 1999).

Plan Xeral de Normalización Lingüística, doc. núm.17629, (BOPG núm. 622, 7 setembro de 2004).

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (BOE núm. 276, 16 de novembro de 2011).

Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia (DOG, núm. 239, 16 de decembro de 2011).